

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 12 de marzo de 2014 pola que se regula o procedemento dos reintegros de gastos de asistencia sanitaria con medios alleos.*

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, establece no artigo 4.3 que a carteira de servizos común unicamente se facilitará por centros, establecementos e servizos do Sistema Nacional de Saúde, propios ou concertados, sen prexuízo do establecido nos convenios internacionais nos cales o Reino de España sexa parte, ou en normas de dereito interno reguladoras da prestación de asistencia sanitaria en supostos de prestación de servizos no estranxeiro.

Unicamente se prevé o reembolso dos gastos ocasionados pola percepción de asistencia sanitaria fóra do Sistema Nacional de Saúde naqueles casos de asistencia sanitaria urxente, inmediata e de carácter vital, unha vez comprobado que non se puideron utilizar oportunamente os servizos daquel e que non constitúe unha utilización desviada ou abusiva desta excepción.

Por outra banda, a actual estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, desenvolvida mediante o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, supón a paulatina e progresiva desaparición das antigas direccións provinciais, o que fai necesario adecuar o procedemento de tramitación das solicitudes de reintegro de gastos pola prestación de asistencia sanitaria fóra do Sistema Nacional de Saúde, naqueles casos de asistencia sanitaria urxente, inmediata e de carácter vital, á nova realidade.

En consecuencia, de acordo coas facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento relativo ao reintegro de gastos derivados de asistencia sanitaria cando se empreguen medios alleos ao Servizo Galego de Saúde.



2. Os usuarios e usuarias con asistencia sanitaria a cargo do Servizo Galego de Saúde teñen dereito ao reintegro dos gastos derivados dela, cando esta se producise en centros e servizos alleos, de conformidade co disposto no artigo 2.

#### Artigo 2. *Xustificación de reintegro de gastos*

1. Considerarase como única causa para a solicitude de reintegro dos gastos ocasionados por asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde a derivada dunha situación de urxencia, inmediata e de carácter vital.

Neste suposto, comprobaranse as circunstancias en que se produciu a urxencia e a imposibilidade real de acudir a un centro do servizo público de saúde, que se deberá xustificar documentalmente, de ser posible, no informe do reintegro de gastos.

#### Artigo 3. *Documentación*

1. Xunto coa solicitude, a persoa interesada presentará unha exposición detallada dos feitos e circunstancias que motivaron a reclamación pola asistencia prestada fóra dos centros, servizos e establecementos do Sistema Nacional de Saúde; as facturas orixinais xustificativas dos gastos, así como toda aquela documentación de interese para esclarecer os feitos expostos na solicitude.

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e no 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

#### Artigo 4. *Solicitudes*

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>,



de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude deberá presentarse de acordo co modelo que figura no anexo.

#### Artigo 5. *Tramitación do expediente*

1. Unha vez recibida unha solicitude de reintegro de gastos, a unidade correspondente da Xerencia de Xestión Integrada tramitará cantas actuacións sexan precisas para a valoración dos feitos e das circunstancias e, posteriormente, emitirá o correspondente informe-proposta, que terá carácter preceptivo para a resolución dos expedientes de reintegro de gastos e será elevado, xunto coa restante documentación incorporada ao expediente, á persoa titular da Xerencia de Xestión Integrada, quen actuará da seguinte forma:

a) Os expedientes de contía inferior a 30.000 euros resolveraos directamente a Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade co disposto no artigo 5.s) da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde.

b) Cando o importe dos gastos solicitados sexa igual ou superior a 30.000 euros, a Xerencia de Xestión Integrada elevará o expediente, incluíndo o informe-proposta da unidade correspondente, á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria para a súa resolución.

2. O prazo para a resolución do expediente por parte da Administración é de 3 meses, segundo se recolle no Decreto 271/1994, do 29 de xuño, polo que se aproba a relación de procedementos iniciados por solicitude dos interesados, dos que sexa competente para resolver a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e os seus organismos autónomos e nos que a falta de resolución expresa da Administración produce efectos desestimatorios ou estimatorios.



3. O acordo deberá ser notificado conforme os artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude entenderase rexeitada se non recae resolución expresa no prazo establecido regulamentariamente.

#### Artigo 6. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos ou documentos coa finalidade de acreditar a identidade da persoa solicitante. Polo tanto, o modelo de solicitude normalizado incluíra unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos achegados no procedemento administrativo. No caso de que a persoa interesada non autorice o órgano xestor para realizar esta operación, estará obrigada a achegalos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. Ás solicitudes das persoas interesadas xuntaranse os documentos e as informacións determinados no artigo 3, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

#### Artigo 7. *Da reclamación previa*

A persoa titular do dereito, ou o seu representante legal ou persoa que exerza a tutela, poderá interpor reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional social nun prazo de 30 días contado desde a notificación, se é expresa, ou desde a data en que deba entenderse producido o silencio administrativo.



Unha vez presentada a reclamación previa perante a correspondente Xerencia de Xestión Integrada, solicitará do Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios Provinciais o preceptivo informe-proposta e seguirá para a súa resolución iguais trámites que os establecidos no artigo 5.a) e 5.b) para a súa resolución.

A reclamación administrativa previa entenderase rexeitada se non se dita resolución expresa no prazo de 45 días desde a súa presentación, conforme establece o artigo 71.5 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde. Derrógase expresamente a Orde do 7 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento de reintegro de gastos de asistencia sanitaria con medios alleos.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento desta orde*

Autorízanse as xerencias de xestión integrada para adoptar as medidas necesarias en aplicación e desenvolvemento do disposto nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2014

Rocío Mosquera Álvarez  
Conselleira de Sanidade




 XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>REINTEGRO DE GASTOS DE ASISTENCIA SANITARIA CON MEDIOS ALLEOS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SA462C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	CÓDIGO CIP				

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide coa anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)						

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>							
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.							
2. Que son certos os datos que se consignan na solicitude relativos á conta bancaria en que se efectuará o reintegro de gastos, así como que a persoa solicitante é o seu titular.							

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN</b>				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTÉ.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Exposición detallada dos feitos e circunstancias que motivan a reclamación	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Facturas orixinais xustificativas de gastos	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Outros documentos con valor probatorio	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade co artigo 35, letra f), da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I  
(continuación)

Autorizo a Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 12 de marzo de 2014 pola que se regula o procedemento dos reintegros de gastos de asistencia sanitaria con medios alleos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



Xerencia de Xestión Integrada de



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

